

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

A. Obxecto

Definir a sistemática que garanta unha adecuada execución dos traballos especiais.

B. Alcance

Todos os traballos especiais (operacións/actividades asociadas con perigos especiais) que se leven a cabo nas instalacións e nos centros de traballo pertencentes á Universidade de Vigo, ou baixo a dependencia, e organización da mesma.

C. Histórico de revisións


Edición primeira.

D. Documentación de referencia

Estándar OHSAS 18001.

	Nome	Data	Selo Sinatura ^e
Elaborado por Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.	05/04/2010	
Revisado por Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011	
Aprobado por Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011	

E. Contido



Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

F. Comentarios do gráfico

1- A clasificación básica inicial dos traballos especiais, así como a súa definición expóñense na IPRL-14-01.

2- Os traballos especiais implican por defecto o nomeamento dun recurso preventivo, que pode coincidir ou non co responsable da realización dos traballos. En todos os casos, esixirase a aprobación do inicio, e remate dos traballos por parte do responsable que autoriza a realización do traballo.

3- Nos casos que o traballo especial sexa desenvolto por unha empresa externa, será de aplicación o contemplado no procedemento "PPRL-08 coordinación de actividades empresariais". A empresa externa que executa os traballos/servizos de especial risco designará sempre ao recurso preventivo, que poderá asumir, agás en traballos/servizos englobados no sector da construción, a figura de coordinador de actividades preventivas.

4- Nos casos que polo seu prazo de execución, non sexa posible o tratamento no seo do Comité de Seguridade e Saúde, a casuística de novos traballos especiais que requiran medidas non contempladas de forma inicial e podan ter efectos substanciais na seguridade e saúde, comunicaranse de forma directa, e de forma previa aos delgados de prevención (a través do presidente/a e do secretario/a de dito comité).

5- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais poderá inspeccionar e verificar as condicións de traballo referidas a calquera traballo especial, en calquera momento. Deixando constancia do resultado de dita inspección no "DRPRL-09-07: Libro de PRL do centro, que poderá xerar a toma de accións que se estime oportuna en función do caso, aplicándose a sistemática descrita no procedemento "PPRL-15: Non conformidades, accións correctivas, e accións preventivas".

6- Ante a detección de calquera non conformidade será de aplicación o establecido no procedemento "PPRL-15: Non conformidades, accións correctivas, e accións preventivas".

G. Rexistros

Identificación	Arquivo	Responsable	Recuperación	Tempo
DRPRL-14-01 Permiso de traballo especial.	Centro Soporte papel / soporte informático.	Responsables de PRL do Centro.	Por tempo.	5 anos.
DRPRL-14-02 Nomeamento de recurso preventivo.	Centro Soporte papel / soporte informático.	Responsables de PRL do Centro.	Por tempo.	5 anos.

*Edición 1ª**Data de aplicación: 21/12/2011*

H. Indicadores

Indicador: Nivel de cumprimento de permisos de traballo

<i>Definición (ratio)</i>	<i>Unidade de medición</i>	<i>Valor de referencia</i>	<i>Responsable do seu seguimento</i>	<i>Periodicidade</i>
(Nº de permisos de traballo / Nº de traballos especiais) x 100.	Puntos porcentuais.	> 75%.	CSS.	Trimestral.